

**Xesús Veiga**

## **Todo o poder para Trump**

*Praza.gal*, 8 de novembro de 2024.

A lóxica expectación creada arredor das eleccións celebradas este pasado día 5 nos Estados Unidos xa ten un desenlace práctico. **Donald Trump regresa á Casa Branca cun poder absoluto: ademais de conseguir a vitoria fronte a Kamala Harris (nesta ocasión, obtendo tamén unha maioría de votos populares), ten asegurado o control da Cámara de Representantes e do Senado e segue mantendo a coñecida maioría de membros do Tribunal Supremo.** Xa que logo, os tres poderes que configuran a clásica estrutura dos sistemas democráticos fican nas mans dun político que ten reconvertido o tradicional Partido Republicano norteamericano nunha formación populista (MAGA) configurada ao servizo do seu liderado autoritario.

Para tratar de explicar completamente a vitoria de Trump convén atender aos primeiros datos que se están coñecendo sobre o comportamento que tivo o electorado. Polo que se ve, **Harris ficou por debaixo das expectativas de apoio entre as mulleres, as persoas novas e as de orixe latina. Neses tres segmentos Trump medrou a respecto das cifras que tiña acadado hai catro anos**, recollendo un sumatorio heteroxéneo de malestares presentes nunha boa parte do corpo social. Sábese, ademais, que houbo una menor participación que no 2020 (uns 20 millóns menos de votantes) e que, previsiblemente, tal circunstancia penalizou primordialmente a Harris por ser a herdeira do desgaste padecido pola Administración Biden (singularmente no ámbito económico, por mor do medre da inflación). E tamén se pode afirmar que Trump non era un descoñecido para a sociedade norteamericana. Ademais da liña seguida durante a súa anterior presidencia, promoveu a invasión golpista do Capitolio rexistrada en xaneiro de 2021, está condenado pola comisión de diversos delitos e fixo unha impúdica exhibición de machismo, negacionismo climático, odio á inmigración e uso reiterado das "fake news" durante a súa prolongada campaña electoral. A conclusión é moi preocupante: o corpo electoral sabía o que lle ofrecía este candidato e, maioritariamente, decidiu darlle a oportunidade de controlar todo o poder político.

Mais alá da análise sobre o comportamento do electorado (por sexo, por idade, por orixe étnica, por nivel de riqueza) é preciso engadir un factor explicativo relevante: os graves erros cometidos polo aparato dirixente do Partido Demócrata e, particularmente, polo presidente Biden. **O papel diluído desempeñado por Harris na vicepresidencia, a demora na definición dunha candidatura demócrata e o apoio á política criminal do goberno de Israel puideron desmobilizar a unha parte dos votantes potenciais na conxuntura de máxima igualdade que reflectían a case totalidade dos estudos demoscópicos.**

Os resultados desta cita electoral admiten dúas lecturas diferenciadas aínda que complementares: os efectos que poden causar na estrutura política e social norteamericana e os eventuais impactos no resto do mundo.

No interior dos USA, é previsíbel que Trump insista nas políticas que afondan na ruptura dos hipotéticos consensos básicos invocados polos seus antepasados

republicanos. A súa é unha lóxica rupturista que asume a máxima polarización como algo naturalmente asociado aos seus obxectivos políticos. O seu mandato vai permitir medir a dimensión e a intensidade dos contrapesos existentes nos tecidos institucional e social norteamericanos. Dominando os tres poderes da arquitectura constitucional (lexislativo, executivo e xudicial) e tendo o apoio explícito e militante de Elon Musk (o multimillonario propietario dunha das operadoras mais influínte no mundo das redes de comunicación), a pregunta está servida: **ate que punto serán capaces de neutralizar as derivas antidemocráticas aquelas empresas mediáticas convencionais (na prensa, TV e radio) que manteñen posicións críticas co novo inquilino da Casa Branca?**

No escenario internacional, o trunfo de Trump vai orixinar algunhas consecuencias significativas a curto e medio prazo: **apoio total a Netanyahu para que complete a limpeza étnica no territorio palestino; buscar un acordo con Putin para establecer unha saída á intervención militar rusa en Ucraína que supoña unha alteración parcial das actuais fronteiras deste Estado; maior belixerancia económica con China e coa UE**, aplicando medidas fiscais que dificulten e/ou encarezan as exportacións de produtos ao territorio norteamericano. A Europa comunitaria vai ter que aturar, a partir de agora, un novo problema: como respostar de xeito unitario a este novo desafío cando existen algúns dirixentes -Orban, Meloni...- que proclaman a súa total sintonía co novo zar de Washington.

Finalmente, **a vitoria da ultradereita norteamericana certifica a existencia dunha onda reaccionaria global que vai alimentar ás forzas que profesan un ideario semellante en Latinoamérica e no continente europeo**. Dende Bolsonaro e Milei ate Abascal e Le Pen existe un amplo catálogo de aspirantes a espallar este perigoso virus da intolerancia fascista. Se hai 40 anos, Reagan e Thatcher protagonizaron unha involución conservadora, o ciclo actual dáse nun contexto xeopolítico diferente (por exemplo: non hai o bloque "alternativo" encabezado pola URSS) que pode favorecer o agravamento dos seus efectos.

Nos vindeiros anos, as esquerdas van ter un reto de grande envergadura para o que, desgraciadamente, non semellan estar aínda suficientemente preparadas.